

## Portátil ou tablet?

As melloras nos teclados táctiles converten os tablets nun perfecto substituto do ordenador portátil

Xa o dixo hai tempo unha consultora tecnolóxica: "2013 será o ano en que se venderán máis tablets ca ordenadores portátiles". E a profecía vai camiño de cumprirse, tanto polo descenso nas vendas de ordenadores coma polo aumento das de iPad, Galaxy Tab, Surface ou Nexus 7. Se primeiro acabaron cos netbooks, o iPad e os seus semellantes perseguen agora os portátiles comúns. As melloras no teclado táctil, os procesadores de dobre núcleo e a expansión do *cloud computing*, que sitúa a maioría dos programas nos servidores da rede e non no ordenador, xogan ao seu favor. Non obstante, o tablet tamén ten desvantaxes con respecto ao ordenador portátil. A continuación, indícanse as vantaxes e os inconvenientes de cada opción.

É complicado decidir se mercar un tablet e aparcar o vello ordenador é unha boa elección. Mentres que para algúns usuarios resulta idóneo, para outros pode supoñer severas limitacións. Os tablets non len discos ópticos CD nin DVD e hai que estar subscrito aos servizos en descarga para gozar do ocio dixital. En cambio, para os que teñan pericia cos dedos sobre o teclado, pode supoñer un alivio cando deban levar

o ordenador dun lado a outro, xa que a súa lixeireza os fai cómodos e ergonómicos.

### A favor dos tablets

**O seu peso e as súas dimensións.** Caben en case calquera sitio, mesmo algúns nun peto amplo, polo que son moi compatibles coa tendencia xeral de dispoñer sempre da tecnoloxía e de estar conectado en mobilidade. Os fabricantes non deixan de traballar para que sexan máis delgados e lixeiros –como é o caso do iPad Mini–, aínda que teñen o límite do peso e as dimensións das súas pantallas. É moi posible que os tablets do futuro teñan unha tecnoloxía de pantalla diferente.

**A chegada de LTE.** A tecnoloxía LTE, ou 4 G, supón a conexión á rede de datos móbil cun ancho de banda superior ao que hoxe se ten vía *router*. Nestas condicións, o acceso permanente require dun aparello que se poida empregar mesmo mentres se anda pola rúa, pero cunha pantalla maior que a do teléfono móbil.

**A experiencia de uso das pantallas táctiles.** O rato foi un grande invento, pero non deixa de ser un intermediario entre a man e o dispositivo. As pantallas táctiles son dunha interacción moito máis completa e isto reflíctese na satisfacción do usuario, que realiza as funcións con maior rapidez.

**Os procesadores de dobre núcleo.** Os fabricantes de procesadores xa comezaron o lanzamento dos primeiros modelos para tablets con esta tecnoloxía, que aumenta a potencia e reduce a calor xerada. No futuro, poden chegar a igualar a potencia dos ordenadores.

**O mercado das aplicacións para dispositivos móbiles.** A pesar de que dan pouca marxe de beneficio, os desenvolvedores seguen centrados en deseñar programas para estes aparellos, o que favorece que haxa numerosas alternativas e melloras en todos os campos: novos navegadores, programas de edición gráfica e de textos, videoxogos etc. E espérase que nun futuro próximo se equiparen en alternativas e ofertas aos ordenadores.

### A favor dos portátiles

**O teclado físico.** Sempre será unha vantaxe contar cun teclado físico, aínda que os táctiles melloraron moito a súa precisión e os usuarios con pericia poden teclear longos textos.

**A solidez.** Os tablets son todo pantalla, polo que unha caída pode supoñer unha traxedia. Os ordenadores, pola contra, resisten bastante mellor, aínda que non hai que tentar a sorte.



### Procesadores máis potentes.

Aínda queda para que os procesadores dos ordenadores portátiles se vexan igualados polos dos tablets. Mentres os primeiros aumentan cada mes a súa capacidade, os segundos apenas deixan de ser versións iniciais.

### Sistemas operativos maduros.

Windows, Mac OS e as versións de Linux para ordenadores teñen un longo historial de melloras, que os fan moito máis sólidos como sistemas que os seus homólogos para tablet, onde aínda se aprecia certa improvisación –é o caso dos mapas de Apple– e problemas coas actualizacións, en especial en Android. Son unha garantía de estabilidade.

**Programas consolidados.** Malia que melloraron moito nos últimos tempos, os navegadores para tablets aínda teñen algunhas limitacións e problemas de uso, mentres que os dos ordenadores acumulan unha longa traxectoria e están moi adaptados ás necesidades dos usuarios. O mesmo sucede noutros

campos, como os editores de texto ou de imaxes, que aínda son mellores nos ordenadores.

**Maior conectividade.** Debido á busca da lixeireza e da delgadeza, os tablets contan con máis portos, como máximo teñen dous ou tres (a maioría USB), e con sorte HDMI para a transmisión de sinal multimedia. Os ordenadores poden ter tres portos USB, un Ethernet e outro multimedia, ademais de ranuras para tarxetas que amplíen a súa memoria. Tamén hai algúns tablets, coma o Toshiba Folio 100, que admiten tarxetas SD.

**Discos ópticos.** Malia que é unha tendencia á baixa, unha parte do ocio dixital aínda se consome mediante discos DVD. Os tablets non os len, o que obriga a subcribirse a servizos en descarga de música e vídeos, que aínda non están maduros ou que non ofrecen unha experiencia óptima. Ademais, someten o usuario ás condicións de uso da empresa. Cos ordenadores, o usuario ten máis alternativas. //

